



GUÍA DOCENTE DE **ORGANOLOXÍA**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 D EOUTUBRO,
E POLO DECRETO 171/2016, DO 24 DE NOVEMBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: ORGANOLOXÍA										
ESPECIALIDADE	Composición Dirección Interpretación Musicoloxía Pedagogía Produción e xestión							ITINERARIO		----
	Formación básica									TIPO DE CLASE
CARÁCTER								DEPARTAMENTO		
CURSOS										Horas de clase semanais:
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Xeral e da linguaxe musical	
ECTS/CUAD.				3					Observacións:	

										Colectiva
										Musicoloxía
										2 h.

2. DESCRITOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Fundamentos de acústica dos instrumentos. Estudo dos instrumentos musicais, a partir dos diferentes enfoques históricos, tanto antropolóxicos como técnicos ou científicos. Coñecemento das clasificacións dos instrumentos máis importantes, atendendo aos criterios dos/as principais tratadistas.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	Principalmente con Historia da Música e con tecnoloxías.
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T2, T4, T8
COMPETENCIAS XERAIS:	X9, X10, X12, X14, X20, X26
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EC6, ED7, EI4, EM3, EP11, EPX2, EPX5
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro, e no Decreto 171/2016, do 24 de novembro	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Coñecer os principios elementais de acústica musical, o son e as súas propiedades, con especial atención aos referidos á obtención do son nos instrumentos, valorando este saber como un aspecto fundamental da formación musical e instrumental.	T8, X9, X20, X26, EC6, ED7, EPX2
Coñecer os diferentes campos de estudo da organoloxía e o que supoñen ante a investigación musical, relacionándoos cos propios da historia da música e os da súa propia especialidade, co fin de obter unha visión científica e humanística da música que sumar á artística xa coñecida.	T8, X9, X12, X14, X20, X26, EC6, EM3, ED7, EPX5
Considerar o instrumento dunha forma global, apreciando os diferentes enfoques históricos, antropolóxicos, etnográficos, técnicos, artísticos ou científicos, a través da escoita e visualización, para aumentar a consideración global sobre eles, máis aló da función de mero emisor de sons.	T2, T8, X9, X12, X14, X20, X26, EI4, EM3, EP11
Coñecer os diferentes instrumentos e formacións instrumentais, así como a súa evolución ao longo dos diferentes períodos da historia, relacionándoos coa música e o estilo de cada época.	T1, T2, T8, X12, X14, X20, X26, EC6, ED7, EM3, EP11, EPX5
Buscar información relativa aos temas tratados, organizala e defender as súas opinións con argumentos coherentes.	T1, T2, T4, T8, X10.



4. CONTIDOS

Fundamentos de acústica dos instrumentos musicais

A organoloxía como ciencia: clasificación, fontes de estudio (literatura, iconografía, antropoloxía)

Os instrumentos occidentais no tempo) Descrición e evolución das familias instrumentais e agrupacións occidentais

5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Clases prácticas	Presenciais	Todo o cuadrimestre
Exames	Presenciais	Ao longo do cuadrimestre
Titorías	Presenciais	Esporádicamente
Traballo persoal	Non presenciais	Todo o cuadrimestre

6. AVALIACIÓN

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria. A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.

No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á “avaliación alternativa” e que son especificadas para tal fin na programación do cuadrimestre correspondente.

**Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións na programación correspondente.*